

A ACR na Galiza, 10 de maio 2024



"Nos 50 da Revolução dos Cravos recebemos o resistente anti-fascista Jorge Sarabando, que viveu a actividade política na clandestinidade antes da revolução portuguesa e, com a ajuda de algumas imagens da altura, repassamos alguns acontecimentos históricos que marcaram o antes, o pós e o próprio dia do 25 de Abril de 1974, numa perspectiva mais particular, centrada nos acontecimentos mais a norte de Portugal, em particular na cidade do Porto"

Foi com o texto supra que a associação "Casino Casino 1889", situada em Carballo, Galiza, anunciou a presença do noso vice presidente. Fica o recorte de como a imprensa se fez eco da iniciativa.

Voz e música en Carballo nos 50 dos Cravos

Jorge Sarabando, dun lado, e Nacho, Faia e Lar, doutro, revisitaron a Zeca Afonso e ao abril do 74.

Os 50 anos da Revolución dos Cravos de Portugal non pasaron desapercibidos na Costa da Morte e menos aínda en Carballo. Logo da charla ofrecida xornadas atrás por Xan Fraga e Miro Casabeila no instituto Alfredo Brañas, este venres coincidiron na capital de Bergantiños dúas citas que moito

tiñan que ver con ese momento histórico. Por orde cronolóxica, a primeira delas foi no Casino, onde o resistente antifascista Jorge Sarabando ofreceu a súa particular perspectiva do antes e despois daquel 25 de abril do 74. El, que viviu a actividade política na clandestinidade antes da revolución, centrouse nos acontecementos ao norte de Portugal, en concreto na cidade de Porto.

Aquel episodio que puxo fin a unha das ditaduras máis longas iniciouse cando na radio soou o Grândola Vila Morena,

de Zeca Afonso. O Concerto das Letras que Carballo incluíu este venres na súa programación a cargo de Nacho, Faia e Lar, baixo o lema *De não saber o que me espera*, foi unha especie de homenaxe a el, pero sobre todo unha «revisitación do seu repertorio», explicou Faia en Radio Voz Bergantiños: «Hai algo de homenaxe, pero é máis ben pasalo ben co seu legado, darlle unha volta, por máis que segue sendo moi actual, traelo á xente moza. Zeca vai moito máis alá do Grândola. Este é un repertorio me-

nos coñecido, igual a nivel sonoro o máis escuro, pero unha proposta moi interesante, vital, que pasa por moitos lugares». Nacho, Faia e Lar uniránse en Santiago para una proposta que fa ser puntual, pero foi tan ben acollida que continuarán. Resulta un universo particular a raíz da improvisación e experimentación sonora: «É xenial que este concerto en Carballo sexan a conto das Letras, as de Zeca están en portugués, pero temos unha historia común tan próxima, e el era tan consciente diso...», sopesou.